

**Datos Do Expediente:**

| | |
|--------------------------------|------------|
| PLENO | |
| Unidade Tramitadora: | |
| Organos de Goberno e Central - | |
| Número expediente: | Documento: |
| AYT/PLE/2/2022 | GOB16I02T |
| 4P1G5U2N6O4U3L200PAR | |
| | |

ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO O SETE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTEDOUS

SRES/AS ASISTENTES:**SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:**D/D^a MARIAN FERREIRO DIAZ**SRES/AS CONCELEIROS/AS:**

D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ
D/D^a NATALIA HERMIDA RICO
D/D^a JUAN PABLO MAURIZ ROMERO
D/D^a JOSE IBAN SANTALLA BORREIROS
D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO
D/D^a GUILLERMO SANCHEZ FOJO
D/D^a JOSE OREONA BRA
D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL
D/D^a MARIA DE LA MERCED TAIBO REY
D/D^a GERMAN CASTRILLON PERMUY
D/D^a M.DEL MAR BLANCO ROCA
D/D^a JAVIER MARIA PEREIRA BECEIRO
D/D^a ANA VANESA BOUZAMAYOR VILLASUSO
D/D^a MARCOS LOPEZ BALADO
D/D^a ESTRELLA CASTRILLON VIDAL
D/D^a JOSE DAVID PITA BREIJO
D/D^a SANTIAGO GALEGO CASTRO
D/D^a OLAIA MARGARITA LEDO DIAZ
D/D^a EUGENIO CARBALLEIRA LOPEZ

NON ASISTE:D/D^a CATALINA MARIA GARCIA BLANCO**SRA. INTERVENTORA XERAL:**D/D^a MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ**SR. SECRETARIO XERAL:**D/D^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI

Na casa do Concello de Narón, ás 09:00 do sete de febreiro de dous mil vintedous, baixo a presidencia da Sra. alcaldesa, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión extraordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1 °.- PROPOSTA SOBRE INADMISIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS AO ORZAMENTO DO ANO 2022 E APROBACIÓN DEFINITIVA DO MESMO. -Lida polo

secretario xeral a proposta que di así: En data 30 de decembro de 2021 aprobáronse inicialmente polo Pleno do Concello o Orzamento Municipal, o Orzamento do Padroado de Cultura, o Orzamento Xeral do Concello de Narón, as Bases de Execución do mesmo, o Límite Máximo de Gasto non Financeiro e o Cadro de Persoal para o exercicio económico 2022, procedendo a súa publicación no Taboleiro de Anuncios e no Boletín Oficial da Provincia (nº 2 do 04/01/2022) aos efectos de exposición pública durante un prazo de quince días hábiles, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).

O día 27 de xaneiro de 2022 emitíuse certificado polo Secretario Xeral no que se indica que, durante o período de exposición pública dos orzamentos, foron presentadas as seguintes reclamacións:

| Nº REXISTRO | DATA | NOME E APELIDOS | DNI |
|-------------|------------|---|-----|
| 1234 | 25/01/2022 | ALEXANDRE BLANCO VARELA | |
| 1236 | 25/01/2022 | JOSE LOUREDA PÉREZ | |
| 1244 | 25/01/2022 | CONFEDERAC. GENERAL DEL TRABAJO. MANUEL ANGEL CREO ROSENDE | |
| 1266 | 25/01/2022 | JAVIER PIÑEIRO CASTRO | |
| 1269 | 25/01/2022 | OSCAR POUTÓN REBOREDO | |
| 1276 | 25/01/2022 | LUIS GARCÍA LÓPEZ | |
| 1285 | 26/01/2022 | BERNARDO MAIZ BAR | |
| 1368 | 26/01/2022 | MARCOS PITA LÓPEZ | |
| 1370 | 26/01/2022 | DAVID ESCLUSA SEIJIDO | |
| 1373 | 26/01/2022 | RAFAEL JACOME SALGADO | |

Á vista da reclamacións presentadas, se emitíu informe pola Interventora Xeral de data 28/01/2022 (PRE16I00E) do seguinte teor literal:

“ÓRGANO INFORMANTE: INTERVENCIÓN MUNICIPAL

ASUNTO: RECLAMACIÓNS Á APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2022

DESTINATARIO: PLENO

Dona María del Pilar Canzobre Méndez, Interventora do Concello de Narón, en relación ás reclamacións presentadas contra o acordo de aprobación inicial dos orzamentos do concello e do Padroado de Cultura, dos orzamentos xerais consolidados, das bases de execución do orzamento e do límite de gasto non financeiro para o ano 2022, emite o seguinte informe:

I. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).

- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLRFL), en materia de orzamentos.

- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (LALG).

- Real decreto legislativo 781/86, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.
- Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades locais do sector público local.

II. ANTECEDENTES

O Pleno do Concello de Narón en sesión ordinaria celebrada o 30/12/2021, acordou aprobar inicialmente os orzamentos do concello e do Padroado de Cultura, dos orzamentos xerais consolidados, das bases de execución do orzamento e do límite de gasto non financeiro para o ano 2022.

O dito expediente estivo exposto ao público mediante anuncios inseridos no taboleiro de anuncios do concello e no Boletín Oficial da Provincia nº 2 do 04/01/2022, polo prazo de 15 días hábiles. Durante o prazo de información pública presentáronse as seguintes reclamacións, segundo consta no correspondente certificado de secretaría do 27/01/2022 (REX16S00V):

“(…)

| Nº REXISTRO | DATA | NOME E APELIDOS | DNI |
|-------------|------------|---|-----|
| 1234 | 25/01/2022 | ALEXANDRE BLANCO VARELA | |
| 1236 | 25/01/2022 | JOSE LOUREDA PÉREZ | |
| 1244 | 25/01/2022 | CONFEDERACIÓN GENERAL DEL TRABAJO. MANUEL ANGEL CREO ROSENDE | |
| 1266 | 25/01/2022 | JAVIER PIÑEIRO CASTRO | |
| 1269 | 25/01/2022 | OSCAR POUTÓN REBOREDO | |
| 1276 | 25/01/2022 | LUIS GARCÍA LÓPEZ | |
| 1285 | 26/01/2022 | BERNARDO MAIZ BAR | |
| 1368 | 26/01/2022 | MARCOS PITA LÓPEZ | |
| 1370 | 26/01/2022 | DAVID ESCLUSA SEIJIDO | |
| 1373 | 26/01/2022 | RAFAEL JACOME SALGADO | |

“

III. INFORME

PRIMEIRO. O artigo 169.1 do TRLRFL establece o seguinte:

“Aprobado inicialmente el presupuesto general, se expondrá al público, previo anuncio en el boletín oficial de la provincia o, en su caso, de la comunidad autónoma uniprovincial, por 15 días, durante los cuales los interesados podrán examinarlos y presentar reclamaciones ante el Pleno. El presupuesto se considerará definitivamente aprobado si durante el citado plazo no se hubiesen presentado reclamaciones ; en caso contrario, el Pleno dispondrá de un plazo de un mes para resolverlas.”

SEGUNDO. En canto á lexitimación activa, segundo consta no artigo 170.1 do TRLRFL:

“1. A los efectos de lo dispuesto en el apartado 1 del artículo anterior, tendrán la consideración de interesados:

- a) Los habitantes en el territorio de la respectiva entidad local.*
- b) Los que resulten directamente afectados, aunque no habiten en el territorio de la entidad local.*
- c) Los colegios oficiales, cámaras oficiales, sindicatos, asociaciones y demás entidades legalmente constituidas para velar por intereses profesionales o económicos y vecinales, cuando actúen en defensa de los que les son propios.”*

Polo tanto, os reclamantes teñen a condición de interesados aos efectos da presentación de reclamacións ao acordo inicial de aprobación dos orzamentos do concello e do Padroado de Cultura, dos orzamentos xerais consolidados, das bases de execución do orzamento e do límite de gasto non financeiro para o ano 2022.

TERCEIRO. As reclamacións presentáronse dentro do período da exposición ao público do dito acordo de aprobación inicial.

CUARTO. Os motivos de presentación de reclamacións á aprobación inicial do orzamento son taxados. Ao abeiro do que se establece no artigo 170.2 do TRLRFL, son os seguintes:

“(...) a) Por no haberse ajustado su elaboración y aprobación a los trámites establecidos en esta ley.

b) Por omitir el crédito necesario para el cumplimiento de obligaciones exigibles a la entidad local, en virtud de precepto legal o de cualquier otro título legítimo.

c) Por ser de manifiesta insuficiencia los ingresos con relación a los gastos presupuestados o bien de estos respecto a las necesidades para las que esté previsto.”

QUINTO. Con respecto ás reclamacións presentadas, infórmase o seguinte tendo en conta os motivos de reclamación establecidos no artigo 170.2 do TRLRFL e as reclamacións presentadas.

As reclamacións presentadas fan referencia a que entre os documentos aprobados no acto administrativo impugnado figura o cadro de persoal e as súas retribucións básicas e complementarias, así como a un valoración incorrecta dos complementos específicos dos postos de axente de emerxencias-bombeiro e de cabo xefe de equipo de emerxencias, polo que solicitan a modificación dos complementos específicos dos ditos postos.

O anexo de persoal é un documento que forma parte do orzamento xeral ao abeiro do artigo 168.1.c) do TRLRFL, e que se aproba anualmente xunto coa aprobación do orzamento segundo o previsto no artigo 126.1 do Real decreto 781/1986.

Polo tanto, o anexo de persoal é o reflexo orzamentario da relación de postos de traballo (en diante, RPT), tendo en conta, ademais, o que se establece no artigo 38.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, segundo o cal *“Os orzamentos reflectirán os créditos correspondentes ás relacións de postos de traballo, sen que poida existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente.”*

As reclamacións presentadas versan sobre a incorrecta valoración dos complementos específicos dos postos de axente de emerxencias-bombeiro e de cabo xefe de equipo de emerxencias, polo cal as ditas reclamacións non se dirixen contra ningún documento que forme parte do orzamento. Toda vez que as valoracións e asignacións dos complementos específicos realízase pola RPT.

CONCLUSIÓN. Tendo en conta todo o anterior, esta Intervención considera que procede INADMITIR as reclamacións presentadas ao non estar incluídas nos motivos taxados que se establecen no artigo 170.2 do TRLRFL.

Este é o informe que emito, salvo erro ou omisión involuntarios na aplicación e/ou interpretación da normativa aplicable, sen prexuízo de calquera outro informe mellor fundado en Dereito. Non obstante, o órgano competente, co seu superior criterio, adoptará o acordo que estime máis oportuno para os intereses municipais.”

Visto o informe de Intervención e todos os antecedentes que obran no expediente e visto o ditame favorable, por maioría, con 7 votos a favor (5 TEGA+ 2 PSdeG-PSOE) e 4 votos en contra (3 PP+ 1 BNG) da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 02-02-2022 celebrada en sesión extraordinaria, o seu presidente propón a aprobación do seguinte acordo polo Pleno do Concello:

PRIMEIRO. Inadmitir as reclamacións presentadas por non concorrer ningún dos supostos previstos no artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

SEGUNDO. Prestar aprobación definitiva ao Orzamento Municipal, ao Orzamento do Padroado de Cultura, ao Orzamento Xeral do Concello de Narón, ás Bases de Execución do mesmo, ao Límite Máximo de Gasto non Financeiro e ao Cadro de Persoal para o exercicio económico 2022, co mesmo contido e documentación e nos mesmos termos que foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o pasado 30 de decembro de 2021.

TERCEIRO. Ordenar a publicación no BOP de A Coruña do orzamento definitivamente aprobado para a súa entrada en vigor.



CUARTO. Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta para o cumprimento da obriga de remitir copia do Orzamento definitivamente aprobado á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma para dar cumprimento ao disposto no artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

DEBATE

-Sr. Romero Franco: bos días a todas e a todos.

Os motivos da presentación das reclamacións á aprobación inicial do orzamento son taxados, ao abeiro do que establece o artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Son os seguintes:

“Por no haberse ajustado su elaboración y aprobación a los trámites establecidos en esta ley. Por omitir el crédito necesario para el cumplimiento de obligaciones exigibles a la entidad local, en virtud de precepto legal o de cualquier otro título legítimo.

Por ser de manifiesta insuficiencia los ingresos con relación a los gastos presupuestados o bien de estos respecto a las necesidades para las que esté previsto”.

Por este motivo e facendo alusión á conclusión do informe de Intervención deste Concello considérase inadmitidas as reclamacións presentadas ao non estar incluídas nos motivos taxados que se establece no nomeado artigo.

Moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: bo día a todas e a todos.

Que non sexa a maneira máis axeitada de facelo, non quere decir que non se poida facer. De feito hoxe estamos aquí nun pleno extraordinario cunha ferramenta que todas as veciñas e veciños teñen na súa má como é impugnar uns orzamentos que neste caso votastes a favor o grupo de goberno, o grupo socialista e Terra Galega.

Hoxe estamos nun pleno extraordinario porque o goberno foi incapaz de chegar a un acordo cunhas persoas traballadoras que fan un servizo fundamental e das cales nos sentimos todos e todas, neso estou de acordo, creo que estaremos todos de acordo, moi orgullosas do seu traballo.

E por unha serie de cuestións, eu creo que ogallá non se tivera que chegar ata aquí pero é verdade que hai anos de negociación, levamos 7 anos cun servizo e podemos falar das causas.

Están eles aquí, seguro que nolo contan moito mellor e que todos e todas podemos escoitar agora nestas últimas semanas a situación na que estaban vivindo e tamén antes por que non se chegou a un acordo coas negociacións das súas reclamacións, e que basicamente pasan por unha axeitada valoración do seu traballo, porque teñan un parque de bombeiros e temos tamén esas imaxes, eses videos, e sabemos perfectamente cal é a situación na que, por certo, van os nosos fillos e fillas a coñecer ese grande traballo e resulta que non teñen nin sequera un espazo axeitado para facer o seu traballo, e dúas saídas, etc.etc. e porque non se cumpren cuns servizos onde agora mesmo hai 3 persoas porque aínda cando eles, por exemplo, están a reclamar 5 e estamos aquí porque bueno, falouse dos orzamentos pero eu creo que temos que ser conscientes de que estamos a falar duns orzamentos onde o 90% do gasto e gasto corrente, onde vimos do pleno pasado de aprobar un POS e da Deputación onde máis de medio millón de euros se vai para o gasto do servizo a domicilio do SAF, que é moi necesario, pero ollo, nós inocentemente a primeira vez que o vimos dixemos, que ben, vaise reforzar ese servizo con ese medio millón de euros máis e non, era para utilizalo nun gasto que xa parecía reflectido nos orzamentos.

Pois con ese diñeiro, con ese POS podíase chegar tamén a acordos cos bombeiros de Narón e poder cumprir de sobra co que eles están pedindo e esixindo porque creo que todas e todos somos conscientes de que equiparar o servizo de bombeiros por exemplo, o da Policía Local, que son acordos que polo que nós entendimos, xa estaban chegados e que serían necesarios no.

E non é por comparar porque claro, e todo o mundo é necesario. E logo se nos di : “ é que hai unha maioría que non está de acordo”.

Nós sabemos que, por exemplo, Protección civil é necesaria pero tamén sabemos que non é ese o servizo.

Nos tuvimos un Pleno onde, por exemplo, criticamos a unha administración pública como é a Xunta de Galicia polo que está facendo en Sanidade, eu sei perfectamente que unha persoa médico é necesario; unha persoa enfermeira é necesaria, unha auxiliar de enfermería é necesaria, pero claro, sei que a auxiliar de enfermería facendo ese traballo necesario non pode facer o traballo dun médico ou viceversa, pero tamén hai categorías.

Entonces, temos que chegar a acordos e se é necesario chegar ata aquí tamén, igual que agora estamos falando das partes técnicas tamén falemos da parte persoal. Porque o persoal ao final tamén é político.

Estamos falando de persoas que levan feito un esforzo enorme, que veu unha pandemia, que houbo un decreto da Alcaldía onde se lle esixiu o que tiña que facer e cumpriron con creces, onde moitos deles nin sequera ían a durmir á súa casa para poder estar prestando ese servizo.

Entonces nós hoxe temos a responsabilidade como persoas que estamos aquí representando ao pobo de Narón, de devolverlles o que é xusto e reclaman para eles e imos ao persoal: teño o claro convencimento, dende o BNG estamos convencidas e convencidos, de que eles non querrían chegar ata aquí.

De feito, fixeron moito para poder falar. Pediron poder intervir na Xunta de Persoal con voz pero sen voto, e sempre se lles negou.

Entonces aquí veñen as preguntas: como considera o goberno de Narón o nivel profesional dos bombeiros de Narón?

Por que non está adecuada a valoración do posto de traballo con respecto ás labores desenvolvidas?

É certo que se ameaza con baixar os mínimos a 2 bombeiros para non cubrir as baixas do servizo e contratar máis persoal?

Vendo que as instalacións do servizo non cumpren en materia de riscos laborais, que se vai facer coas mesmas?

Son preguntas das que esperamos ter resposta como moitas outras. Se non se responden aquí, xa sabedes que o imos a pasar por Rexistro para ter esas respostas, pero hoxe debíamos de responder e facer un exercicio todos e todas de humildade e poder chegar a acordo porque somos unha administración pública. E ademais se supón que é a administración máis cercana. Temos que dar exemplo e cumprir con persoas traballadoras que poñen en risco a súa vida ademais.

Eu non nego que todos os postos de traballo que hai no concello, sempre falamos da parte técnica, pero non misturemos as cousas e fagamos o correcto que é que a xente teña os seus dereitos recoñecidos e tamén é verdade, o seu salario porque se algo temos claro o Bloque Nacionalista Galego é que hoxe non falan en nome só deles senón que están defendendo os dereitos da clase traballadora.

E é ás veces necesario chegar a estas situacións porque existen reformas laborais que non se derrogan e as traballadoras e traballadores ao final teñen que utilizar as ferramentas e unha é vir aquí e impugnar os orzamentos para que hoxe estemos falando dun problema que nos debería de dar vergoña a todos e todas. Grazas.

-Sr.Pita Breijo: bo día a todos e a todos.

Bueno, o grupo socialista comentar un pouco o que xa falamos na comisión e neste caso queremos desvincular a inadmisión ao orzamento que se fai no informe da Intervención e bueno, pola distinta casuística que se pode permitir neste... bueno para inadmitir o orzamento, no.

A aprobación do orzamento non debería entrar en problemas de negociación colectiva e bueno, se foi un fallo da RPT pois haberá que negocialo por reclamar a RPT que neste caso cremos que está xa reclamada e bueno, esperamos que durante estes días que siga a negociación cos traballadores e cremos que é o modo de saír desta situación, diálogo e diálogo, como sempre decimos os do



partido socialista e falar, entenderse e intentar sacar adiante da mellor maneira posible a negociación cos traballadores.

E agradecer tamén aos traballadores do SPEIS o traballo que realizan durante toda esta pandemia e animalos a seguir traballando de maneira cómoda. Grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: bos días a todos e todas. Grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, como se estaba falando aquí estamos falando dun pleno extraordinario co motivo dun servizo.... dos servizos básicos de persoal e que é necesario que, como vimos decindo nós nos últimos plenos de cando se aproban os orzamentos, que hai departamentos no concello que necesitan máis persoal, e que necesitan sobre todo que estean coa calidade necesaria e suficiente para que cumplan os seus requisitos e os seus traballos no.

Neste caso hoxe, falamos dun servizo moi importante que é o Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento e a verdade é que nos sorprende que tanto o concelleiro de persoal como o de Facenda e de Seguridade, que é o mesmo, non sexan capaces de chegar a acordo con este persoal e que non se poida ter unha RPT correspondente ás necesidades ao servizo que realizan este grupo de traballo.

Así como outros, no. Pero hoxe estamos falando deste caso e é un caso que nos preocupa e que consideramos que é un servizo tan necesario e tan importante para os veciños de Narón e que non o podemos ter en precario como está.

Entonces a verdade é que nos sorprende que teñamos que chegar a estas condicións, e que teña o persoal que facer estas alegacións ante os orzamentos e ante a RPT.

Consideramos que se debe ter unha atención. Creo que as persoas teñen que defender o seu posto de traballo pero o teñen que defender cunha seguridade e unhas garantías e máis nunha institución pública onde temos que ser os primeiros en defender os postos de traballo e que se cumplan todos os planes e todas as normativas de seguridade.

Esperamos e desexamos que dunha vez por todas dende a Alcaldía, xa que os concelleiros responsables deses servizos non son capaces de chegar a acordo con este colectivo, pois que dende a Alcaldía se tome o asunto e se solucionen estes problemas.

Creo que non podemos seguir nesta deriva e creo que ademais se vostedes non son capaces de solucionar con este colectivo, seguramente que detrás deste colectivo virán outros colectivos, que somos coñecedores, que tamén teñen as súas dificultades e que tampouco a RPT que está aprobada e cumpre especificamente os postos que desempeñan .

Entonces nós temos varias preguntas que nos gustaría facerlles, que nos gustaría que hoxe aquí nos contestaran:

-Como teñen pensado liquidar a falta de persoal para cubrir as gardas e as saídas de urxencias?

-Vostedes tamén son coñecedores porque creo que deben de ser coñecedores porque levan moitos anos gobernando Narón, foron vostedes os que puxeron este servizo en funcionamento, tamén serán coñecedores de que as instalacións onde están desempeñando este servizo non cumpre a normativa, a básica, para facer o desempeño e estaren alí con todo o servizo que necesitan e a maquinaria.

De verdade, nos gustaría que hoxe nos contestaran, como pretenden resolver isto, como pretenden que poidamos ter unhas instalacións de acordo coas necesidades dese servizo e eso tamén nos gustaría que, como dixo o concelleiro do partido socialista, agradecerlles o traballo, por suposto, que lles temos que agradecer o traballo, pero eu creo que cos agradecementos só non chega.

Gustaríame saber cando o partido socialista, de verdade, o partido socialista de Narón, vai tomar asuntos nestes temas e dunha vez por todas, se poñen da parte que ademais vostedes como partido socialista obrero español, e neste caso , “obrero de Narón”, home, pois non creo que deban de ter os obreiros no estado que están. Entonces, me gustaría que dunha vez por todas, saber cando o

partido socialista, hasta que punto pode chegar e seguir permitindo que os atropelos que está facendo Terra Galega aquí neste concello, especialmente co persoal e con outros servizos, no.

Entonces bueno, esas serían unhas preguntas que me gustaría que me contestara e se non no segundo turno, pois poderíamos decir algunha máis.

Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: por aclarar o punto que traemos a este Pleno, a contestación ás reclamacións presentadas ao orzamento, supoño como xa o expliquei antes os motivos son claros, polos que se pode reclamar.

Neste caso non dá lugar a ningunha destas reclamacións e supoño que a votación por parte dos membros do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego non creo que vaia en contra do que a lei permite. Grazas.

-Sra.Ledo Díaz: eso de escudarnos sempre, porque esto témolo visto no tempo que levamos aquí, no, nestes dous anos e medio “non, hai este informe e tal..” e que ás veces se pode cambiar. A nós non nos vale. Porque ademais non acaba de responder a ningunha das preguntas que lle fixemos tanto o Bloque Nacionalista Galego como o Partido Popular.

Tampouco nos vale que haxa unha parte do goberno que diga que a súa conciencia é unha e que logo vote outra cousa. Pero bueno, eso xa son as vosas cousas de goberno, hai quen prefire votar en conciencia e hai quen prefire manter un salario, pois nesas o Bloque Nacionalista Galego ten claro onde está, e como ao mellor non recibe nada a cambio pois ten as súas cousas moi claras, e hai que deixalo, hai que deixalo porque eu se estivera no goberno francamente, voume a poñer na vosa parte, non entendería a situación que se está a vivir hoxe pero ben, ímoslle a facer outra proposta: unha das cousas das que nos queixamos moito no BNG é que son uns orzamentos moi xenéricos e que logo fan moitísimos modificados que vimos aquí a aprobar dependendo de se un reclama un remache, se hai que asfaltar esto, pois si imos a facer o outro...

Pois teñen a oportunidade de facer un modificado de creto e chegar a un acordo coas persoas que hoxe están aquí na bancada do público. Eu non vou a falar de toda a información que xa temos porque son consciente de que si todos e todas nos fixeran chegar información e de boa fe para que coñeceran o problema e souberamos do que estabamos a falar , non imos a entrar aí pero repítole , preguntas:

Como considera o nivel profesional o goberno, dos bombeiros de Naron?

Por que non está adecuada a valoración do posto de traballo con respecto as labores desenvolvidas?

É certo que se ameaza con baixar os mínimos a 2 bombeiros para non cubrir as baixas do servizo e contratar máis persoal?

Vendo que as instalación do servizo non cumpren, que van facer con respecto das mesmas?

Aí xa teñen para outro modificado, no. Manter os servizos mínimos, vaise ter en conta a negociación, o que eles reclaman, e que é xusto dentro dos pluses de seguridade. Teño aquí os taboleiros que sei que vosoutros tedes, entonces non me vou a liar máis, etc. etc. Que se vai facer? Imos ter un parque de bombeiros axeitado para o servizo que eles e elas prestan, dos que nos sentimos todos e todas aquí ben orgullosos do traballo que fan?.

Simplemente que nos respondan a esas preguntas, xa que estamos aquí, xa que nos acercamos todos ao Concello de Narón, e temos a oportunidade de falar, no, porque ao final co diálogo é como se resolven as cousas.

E agora engado unha, van facer un modificado de creto para atender as demandas do corpo de bombeiros? Moitas grazas.

-Sr.Pita Breijo: volvo a repetir. Desvincular totalmente a inadmisión das reclamacións ao orzamento das reclamacións que poida haber á RPT. Como xa dixen, e xa dixen na comisión e volvo a repetir. Non ten nada que ver unha cousa coa outra.



E despois decirlle ao Sr.Castrillón que sabemos que o servizo de SPEIS non é só un gasto, senón un servizo.

Por poñerlle unha comparación sabe que fixemos unha moción das ambulancias aquí para Narón na que vostedes se abstiveron e volverlle a repetir o mesmo. Nós cremos que non só é un gasto. É un servizo. Grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, sorprendente que o Sr.portavoz de TEGA non nos conteste a ningunha das preguntas. É importante, aquí temos un colectivo que lle gustaría que contestara algunha das preguntas que lle fixemos os grupos da oposición. Como mínimo decirnos cales son as pretensións que ten o goberno de Narón. E se teñen algún estudio feito de qué pode costar arranxar unhas novas instalación para os SPEIS.

Oie, xa que vemos que non nos quere contestar, vémonos na obriga de que faigamos un escrito e metelo por Rexistro para que nos contesten. Pero é certo que é sorprendente.

Pero bueno, tampouco nos pode seguir sorprendendo porque eso estamos acostumbrados a que non o soan facer.

Sobre o tema do Sr. David, a min paréceme importante o tema que estamos tratando hoxe.

O tema das ambulancias o tratamos no seu día. Nós por coherencia nos abstivemos.

Hoxe vostedes poderían facer o mesmo, como mínimo votar en contra. Para que se puidera solucionar o problema desta xente.

A oposición e vostedes poderíamos hoxe facer un cambio importante en Narón.

Dende logo o que me estrana é que da súa bancada, falte unha concelleira hoxe. Porque claramente aínda que tiveran intención de facelo, non chegarían os votos para facer o que se debería de facer hoxe aquí. Porque xa non temos a maioría.

Esa é a realidade. A realidade é que temos que darlle un xiro importante a este concello. E non se pode seguir tapando cousas que se están vendo. E creo que vostedes tamén teñen a súa responsabilidade porque están gobernando con TEGA. É certo que TEGA leva 40 anos gobernando Narón con distintos nomes. Pero home, creo que é o momento da coherencia, de razoar e de ver realmente onde temos que traballar e polo que temos que traballar.

E se queremos ter un concello con mellores servizos, que o persoal técnico de gran calidade non se marche a outros destinos, porque en Narón non se lles valora, pois creo que tamén é algo que se debe ter en conta.

Paréceme estupendo que se rían, pero saíu na prensa estes días que un do persoal que tiñan nos SPEIS como algún máis colleron destino a outras terras. Porque en Narón, según eles, non se valoraban. Nin se lles estaba dando os seus recoñecementos nos seus postos de traballo.

Se vostedes analizan a RPT está moi claro. Agora que lles faiga graza.... Están arriba os Sres. representantes que están vendo como se están rindo vostedes do que estamos opinando. E é un tema serio. O que estamos decindo. Moi serio. Porque vostede seguro que non sube en escaleira ao sétimo piso. Como cando suben eles. Verdade que non? E lle fai gracia, pois ten unha responsabilidade, é importante e por riba que o tomen a cachondeo. Algo tan serio como esto que estamos tratando e estamos nun salón de Plenos. Dun concello de 39.000 habitantes practicamente, entonces como mínimo un respecto. Como nós soemos respectar, sempre. Eso é triste.

Nós votaremos en contra e o que digo que hoxe aquí, espero de verdade, que o teñan en conta, aínda que xa sei que teñen os votos para sacar adiante estas alegacións. E é triste, o volvo a repetir , é triste que non nos conteste a ningunha das preguntas que fixemos. É triste.

Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: algunha intervención máis?

A ver, poden decir o que queiran, podemos falar aquí do que se lles ocorra. Evidentemente o punto que ven a este Pleno e como vostede di, hoxe podemos facer ... hoxe aquí non podemos facer ningún cambio. Hai un informe, lles gustará ou non lles gustará, donde inadmite estas alegacións. E realmente é o que imos a votar agora mesmo.

Evidentemente, estamos moi orgullosos do servizo que temos. E dos traballadores que temos. E así o levamos demostrando evidentemente apostando por esa vontade política para formar ese parque.

Que hai cousas que mellorar? Evidentemente e así o faremos, nos prazos que consideramos. E a través de negociacións coa Xunta de Persoal. Como viñamos facendo sempre.

Que quede claro que non dubidamos da profesionalidade, non dubidamos dos esforzos que fan e dos esforzos que farán. E que sempre estarán aí cando se necesita. Eso é unha cousa.

Outra cousa moi distinta é o que imos a votar hoxe aquí, e o que tratamos hoxe aquí. E que se inadmiten esas alegacións. Nada máis. Lle fará gracia tamén as miñas intervencións, se reirá agora mesmo como fixeron noutras ocasións. Esta é a realidade. O que votamos hoxe aquí.

Pasamos a votar a proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 10

PP: En contra 6

PSdeG-PSOE: A favor 2

BNG: En contra 2

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 09:25 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sra. alcaldesa comigo o secretario xeral que DÁ FE.

V. e pr.

F_FIRMA_96

F_FIRMA_4